# A CASA MISTERIOSA

Érase unha vez a familia Lago, Laura, Xose, Zoé e David que vivían nun edificio, e estaban moi contentos porquè ían a vivir a casa de Xoán e Mayte os seus avós, pero eles xa morreron, e na casa quedaron os espíritus.

O día que chegaron a casa era de noite pero Zoe e David foron dar un paseo mentres que Xosé e Laura limpiaron e colocaron a roupa, Xose limpou a habitación do piso de arriba e Laura limpou a cociña do piso de abaixo. Os nenos chegaron a un cemiterio e perderonse empezaron a chorar e gritar papaaa, mammaaa! gritaron e gritaron ata que se quedaron sen voz pero naide os escoitaba, entón agocharonse nunha esquina a esperar que os seus pais viñeran a buscalos, mentras que na casa, de súpeto pecharonse as portas, baixaronse as perseanas e oíronse unhas voces - Laura son a túa mai non teñas medo - e ela tamen empezou a gritar, e Xosé na habitación pecharonselle as portas, baixaronselle as perseanas e oíronse unhas voces - Xosé son o teu sogro Xoán non te asustes - pero el estaba ahh, Lauraaa, Zoéééé, Daviid, pero naide lle escoitou. O cabo dunhas horas gritaban e gritaban ata que os veciños os escoitaron e foron a ver que pasaba, e os espíritus e Xoán e Mayte marcharon porque oíron aos veciños, e os veciños preguntabanse :

- hai alguen aí? quen poderá haber se dende que morreron Xoán e Mayte non veu naide, e Laura e Xosé aos oilos seguian pensando que eran os espiritus.

- Quen anda por eí? dixo Laura
- Estou eiquí, porfavor salvademe - gritou Xosé
- Ou non! esa voz é a de Laura e Xosé exclamaros os veciños.

Eran dez veciños e dividironse en grupos de cinco, un grupo foi donde Laura e o outro grupo foi onde Xosé e preguntaron:

- Pero que pasa que facedes aquí?
  E eles contestaron
- Pois víñamos a vivir para aquí e puxémonos a limpiar e apareceron os espíritus de Xoán, dixo Xosé e de Mayte, dixo Laura.

E os veciños calmaronos e cando pasou un rato acordaronse de que lle faltaban Zoé e David, e os dous todos nerviosos cos veciños foron a busca-los. O cabo de dez minutos encontraronos na esquina do bosque e tiñan moita fame e moito frío entón esa noite dormiron na casa dos veciños

e ao día seguinte deronlle as grazas a todos e volveron a vivir para o piso no edificio e xuraron e prexuraron que non volverían máis a esa casa.